

## NOTA DE PRENSA

### 2013/12/12: Actuacións do proxecto Life Tremedal en Galicia Finalizan as accións de restauración e mellora do hábitat na Lagoa de Cospeito

O Grupo de Investigación 1934 - Territorio & Biodiversidade (Laboratorio de Botánica & Bioxeografía) adscrito ao Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) do Campus de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela) está a desenvolver baaixo a dirección do profesor Pablo Ramil-Rego o proxecto LIFE+ "Humidais continentais do Norte da Península Ibérica: Xestión e restauración de turbeiras e medios higrófilos", cuxa denominación abreviada é TREMEDAL (LIFE 11 NAT/ES/707), formúlase a realización de accións de conservación nun conxunto de humidais continentais da Rede Natura 2000 repartidos ao longo da Rexión Bioxeográfica Atlántica do estado español.

Os labores planificados dentro do proxecto TREMEDAL teñen como obxectivo mellorar o estado de conservación, e a capacidade de afrontar as condicións adversas, dos tipos de hábitats turbófilos e higrófilos dentro do seu ámbito de actuación. No territorio de Galicia desenvolveranse accións concretas de conservación en diferentes humidais da provincia de Lugo pertencentes ao LIC Parga-Ladra-Támoga (ES120003).

Un dos lugares onde se levarán a cabo actuacións é a **Lagoa de Cospeito** (Cospeito, Lugo), onde se pretende incrementar os núcleos de poboación do cardiño das lagoas (*Eryngium viviparum* Gay), aumentando o número de individuos e a súa área de ocupación dentro da súa área de distribución natural. Con este fin estableceuse un sistema de pequenas charcas que permita o encharcamento temporal de xeito prolongado (dende outono a inicios da primavera) e que no período estival se converta nun medio xérico.

O cardiño das lagoas é unha planta umbelífera que presenta unha ecoloxía pioneira, colonizando leitos lacunares ou preferiblemente herbazais higrófilos de escasa cobertura, propensos ao encharcamento invernal que son exonerados non obstante durante o período primaveral-estival. A distribución desta especie a nivel mundial redúcese na actualidade á Bretaña francesa e ao NW Ibérico (Galicia, Zamora e Portugal).

Esta especie prioritaria inclúese nos anexos II e IV da Directiva Hábitats, tamén se atopa no rexistro de especies en réxime de protección especial de acordo co Real Decreto 139/2011, e con respecto á súa protección a nivel do territorio galego inclúese na categoría de En Perigo de extinción.

Mais Información:

IBADER ([lbader@usc.es](mailto:lbader@usc.es) [www.ibader.com](http://www.ibader.com))  
Proxecto: Life Tremedal (Enlace: [Tremedal](#)).



**LIFE · TREMEDAL**



**USC** **IBADER**  
INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE  
Agraria e Desenvolvemento Rural